

O presente molesta

Narrativa A obra de Gonsar mantén esa intensidade contemporánea capaz de axfisiar ante o presente



Tres peóns // Carlos Rial

Quizais o que falta é tempo. Ou ganas. Ou sobran distraccións. Para ver que *Desfeita* é unha novela cunha intensa sensación de afogo. Pero non tanto con ese pasado dramático que tantas veces se ergue como bandeira novelística do país, como co presente. Incluso con este presente que xa non é coetáneo do do autor. Este pre-

sente sen enerxía que se deixa levar polos estafermos políticos, as utopías culturetas e a desorientación intelectual. Un presente a todas luces orfo da clase obreira que, para que darlle máis voltas, sempre preferiu os xogos de salón.

Galicia volve ser unha nación sen estado de ánimo e a derrota das grandes guerras máis a desorienta-

ción das pequenas batallas déixanse notar incluso en cousas tan aparentemente inocuas como a interpretación literaria. Porque desviar os tiros é outra maneira de esquivar as responsabilidades. Porque volver constantemente sobre o pasado é a maneira máis obvia de non reparar na desfeita do presente. En termos históricos, pero tamén novelísticos, a

novela de Camilo Gonsar non é unha novela da memoria, é dunha intensidade contemporánea que aceptaría o adxectivo de radiográfica. Dunha lucidez circunstancial que está por riba da súa habilidade narrativa. É un documento ficcional que quizais ninguén queira ler no seu sentido máis directo porque é o máis traumático. É máis cómodo aceptar que tivemos un mal pasado que aceptar que temos un mal presente. É máis cómodo explicar as causas do desastre nun pasado trágico que nun presente sen solución. Porque o pasado herdámolo, pero o presente é cousa nosa.

Desfeita é unha novela moral. Quizais como tería que ser o xornalismo do século XXI. Moral en lugar de económico. Moral incluso mellor que profesional. Moral nese sentido de non perder de vista os referentes fundamentais, aqueles que non están baseados en ningún ben en particular, en ningunha especialización. Moral en sentido contrario a que o Fondo Monetario Internacional considere máis axeitado salvar o sistema que as persoas. Moral no sentido en que a política despega. Polo tanto, moral pero non moralizante. Política, pero non politizante.

Camilo Gonsar asume o papel do neno que mira o rei nu. Vai sinalando con paciencia, calma e algúns rexoubeos ese *dolce far niente* dunha sociedade entretida en non mirar. Unha sociedade que nega a madurez da responsabilidade e polo tanto esquiva toda acción comprometida do benestar inmediato. Son

personaxes cun punto de comedia que exercitan o seu bufoneo porque distraerse cansa. Un conxunto apático polas causas pendentes e polas grandes causas en xeral. Porque todas esas guerras xa foron libradas na nai de todas as guerras da literatura galega e eles dan por bo o resultado da derrota. Son cómicos ao seu pesar mesmo exoticamente, pero Gonsar non tivo tempo de ver *Northern Exposure* ou *Mareas Vivas* así que entrou ao xénero do retrato vilego sen ánimo de guionizar e quizais un pouco asustado por tanta nadería. Pero as cidades non son tan distintas se imos casa por casa.

Poderíamos utilizar a palabra decadencia. Pero non se trata de levar o lector cara a discursos superados. É máis ben resignación humillada a que respiran os personaxes. Resignados a negarse como método para evitar todos os conflitos de facer o que habería que facer. Porque Gonsar entendeu moi ben que a derrota definitiva non era aquela do 36 da que ninguén quere falar nin o investigador porfía moito en desvelar. A derrota é a evidente no día a día. Porque o primeiro estado que debería recuperar Galicia é o do ánimo.

// Camilo Franco

Desfeita ·
Camilo Gonsar ·
Galaxia, 2010 ·
235 páx · 17 euros

